

Xoves, 16 Febreiro 2012



O 24 de febreiro celebrarase o **Día de Rosalía**. A Asociación Galega de Editores súmase a esta iniciativa que lembra e recupera para as novas xeracións a figura universal da literatura galega.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) anima á cidadanía a agasallar un libro en galego e unha flor no día do nacemento de Rosalía de Castro.

A efeméride celebra o 175 aniversario do nacemento da autora. Os escritores galegos animan e convidan aos centros de ensino e concellos a participar do Día De Rosalía de Castro organizando actividades de promoción da obra da nosa escritora para conmemorar o aniversario do seu nacemento. A data está recollido oficialmente como Día de Rosalía de Castro pola Consellería de Cultura e Educación no seu Calendario do Libro e da Lectura. A entidade que agrupa aos escritores galegos en lingua galega solicita aos concellos que declaren ese día 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro e que o recollan nas súas programacións culturais. Tamén animan a toda a cidadanía a participar desas actividades.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pola súa parte, está organizando nas principais cidades e vilas lecturas públicas da obra rosaliana, nas que se lerá un manifesto solicitando a difusión do coñecemento da obra de Rosalía de Castro, en especial entre as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, pois a súa poesía ou prosa reflexiva son base indispensábel para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Estes son os actos confirmados até o momento:

Santiago de Compostela, Panteón dos Galegos Ilustres, 18:00

A Coruña, Kiosko Alfonso, 18:30

Lugo, Salón de actos do IES Lucus Augusti, 10:30

Ourense, Liceo, 19:00

Ferrol, Galería Sargadelos, 19:00

Vigo, Museo de Arte Contemporánea (MARCO), 19.30

A Rúa, Biblioteca Pública Municipal, Casa da Cultura, 18.30